



## CONCELLO DE FOZ (LUGO)

Avd. Álvaro Cunqueiro, 24 27780 Foz (Lugo)

Tlf: 982.14 00 27 Fax: 982.14 16 00

### ACTA DA SESIÓN EXTRAORDINARIA CELEBRADA POLA XUNTA DE GOBERNO LOCAL DESTE CONCELLO O DÍA TRINTA E UN DE XANEIRO DE DOUS MIL ONCE

NÚM. 01/2011

<p><b><u>SRES/RAS ASISTENTES</u></b></p> <p><b>ALCALDE-PRESIDENTE</b> D. José María García Rivera.</p> <p><b>CONCELLEIROS</b> D<sup>a</sup>. Rosa Alonso Rodríguez D<sup>a</sup> Ana A. Incera Ares D. Pedro M. Fernández Marful D. Ramón Sixto Legaspi</p> <p><b><u>INTERVENTOR</u></b> D. Luis Ramón Vázquez Parga</p> <p><b>SECRETARIA</b> D. M<sup>a</sup> Carmen Seoane Bouzas.</p>	<p>Na Alcaldía da Casa Consistorial de Foz, sendo as 20:00 horas do día trinta e un de xaneiro de 2011, baixo a presidencia de D. José María García Rivera, e asistido pola secretaria da Corporación, D<sup>a</sup> M<sup>a</sup> del Carmen Seoane Bouzas, que da fe do acto, se reúnen os Srs. Concelleiros relacionados, membros todos da Xunta de Goberno Local, co obxecto de realizar nunha primeira convocatoria a sesión ordinaria prevista para o día de hoxe, e de acordo co seguinte orde do día.</p>
--	---

#### 1.- APROBACIÓN DA ACTA DA SESIÓN ANTERIOR DE DATA 30-12-2010.-

Pola Presidencia se pregunta aos membros presentes da Xunta de Goberno Local se teñen que formular algunha observación á acta da sesión celebrada o día 30 de decembro de 2010.

Non producíndose mais observacións, queda aprobada por unanimidade a acta da devandita sesión, ordenando a súa transcripción ao Libro de Actas segundo o disposto polo artigo 110.2 do Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais.

#### 2.-MODIFICACIÓN LICENZA URBANISTICA E APORTACIÓN DE PROXECTO DE EXECUCIÓN PARA REHABILITACIÓN E AMPLIACIÓN DE VIVENDA UNIFAMILIAR. RÚA CASTIÑEIRA ESQUINA RÚA DO MAR.-

O Concelleiro D. Pedro Fernández Marful manifesta que concorre nel unha causa de abstención no expediente, polo que se ausenta da sesión.

Dada conta do expediente de licenza de obras tramitado a instancia de D. ANTONIO RODRIGUEZ QUINTANA, con enderezo en Rúa Trapero Pardo nº 4-2º D-Foz, para *rehabilitación e ampliación de vivenda unifamiliar sita en Rúa Castiñeira esquina Rúa do Mar nº 1-Foz*, para a que foi concedida licenza segundo proxecto básico redactado polo Arquitecto D. Mariano Zapico Alvarez-Cascos, por Resolución de Alcaldía de data 21/10/2009, en cuio apartado 1º se comunicaba que non



## CONCELLO DE FOZ (LUGO)

Avd. Álvaro Cunqueiro, 24 27780 Foz (Lugo)

Tlf: 982.14 00 27 Fax: 982.14 16 00

podería iniciar las obras ata que se presentase o proxecto de execución, e éste fose informado e aprobado.

Visto o proxecto básico modificado e proxecto de execución presentado en data 13/01/2011 e os informes do Arquitecto Municipal de data 26/01/2011 e o de Secretaría Municipal de data 27/01/2011, obrantes no expediente.

A Xunta de Goberno Local, por delegación da Alcaldía en Resolución ditada con data 18 de xuño de 2007, en base á habilitación legal contida no artigo 21.3 da Lei Reguladora das Bases do Réxime Local, sen perxucio de terceiros e mellor dereito e a salvo o dereito de propiedade, e coas condicións que figuran no expediente, por unanimidade dos membros presentes, **ACORDA:**

**Primeiro.-** Aprobar o proxecto básico modificado e proxecto de execución, redactado polo Arquitecto D. Mariano Zapico Alvarez-Cascos, para *rehabilitación e ampliación de vivenda unifamiliar sita en Rúa Castiñeira esquina Rúa do Mar nº 1-Foz*, a favor de D. ANTONIO RODRIGUEZ QUINTANA, de acordo co establecido no informe do arquitecto municipal de data 26/01/2011, e autorizar o inicio das obras.

Prazo de execución: Inicio: 1 mes e Remate: 3 anos, a partires da recepción deste acordo.

**Promotor: D. Antonio Rodríguez Quintana.**

**Técnico director da obra: D. Mariano Zapico Alvarez-Cascos, Arquitecto.**

**Segundo.-** Notificar o presente acordo ao interesado para o seu coñecemento e efectos.

**Terceiro.-** Comunicar o presente acordo ao Departamento Municipal de Urbanismo para o seu control e seguimento.

Unha vez rematado o punto da orde do día se incorpora á sesión D. Pedro Fernández Marful.

### **3.-LICENZA URBANISTICA PARA REHABILITACIÓN DE VIVENDA UNIFAMILIAR EN O CARITEL-SAN MARTIÑO. REMISIÓN Á COMUNIDADE AUTÓNOMA.-**

Por Secretaría dáse conta do expediente de licenza *urbanística para rehabilitación de vivenda unifamiliar en O Caritel-San Martiño*, solicitada por D. JESÚS FERNÁNDEZ NEIRA e D<sup>a</sup>. EMMA ALONSO DÍAZ, con enderezo en Avda. Carlos Azcárraga nº 79-4º G de Lugo, en SOLO RÚSTICO, conforme ás normas subsidiarias de planeamento municipal de Foz, que foron aprobadas definitivamente pola Comisión Superior de Urbanismo de Lugo en data 11 de novembro de 1981.

Visto o expediente tramitado ao efecto e o informe do Arquitecto Municipal de data 29 de outubro de 2010, que establece que a actuación solicitada require a previa autorización favorable da Comunidade Autónoma.

Vista a certificación de Secretaría Municipal na que se acredita que non houbo reclamacións durante o prazo de exposición ó público.

A Xunta de Goberno Local A Xunta de Goberno Local, por delegación da Alcaldía en Resolución dictada con data 18 de xuño de 2007, en base á habilitación legal contida no artigo 21.3 da Lei Reguladora das bases do Réxime Local, por unanimidade, **A C O R D A:**

**Informar favorablemente dito expediente e remitilo á Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Infraestructuras para seu informe.**



## CONCELLO DE FOZ (LUGO)

Avd. Álvaro Cunqueiro, 24 27780 Foz (Lugo)

Tlf: 982.14 00 27 Fax: 982.14 16 00

### 4.- APROBACIÓN DE CONTA XUSTIFICATIVA DE PAGOS A XUSTIFICAR SOLICITADOS POR ALCALDÍA.-

Dáse conta da Proposta de Alcaldía.

Visto o informe do Interventor Municipal con reparos respecto aos documentos xustificativos núm. 16 e 17, de data 28 de xaneiro de 2011, e considerando o artigo 217 do Real Decreto Lexislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei Reguladora das facendas locais, por parte do Alcalde con carácter previo procédese a solventar os reparos efectuados e levantar a suspensión na tramitación do expediente no que afecta aos documentos xustificativos con número 16 e 17.

A Xunta de Goberno Local, por delegación da Alcaldía en Resolución dictada con data 18 de xuño de 2007, en base á habilitación legal contida no artigo 21.3 da Lei Reguladora das bases do Réxime Local, por unanimidade, A C O R D A:

**PRIMEIRO.** – Aprobar a conta xustificativa da Orde de pagamento a xustificar por un importe de 9.071,90 euros emitida a favor de Don José María García Rivera, Alcalde- Presidente do Concello de Foz, con destino ao aboamento de gastos derivados das actividades das Festas de Nadal e Reis 2010, consistente nas seguintes facturas e documentos xustificativos que se recollen no expediente:

1. Factura A348800010 de 05/01/2011 emitida por MERCADONA. con NIF A46103834 por un importe de 36,44 euros relativa a “PRODUTOS DE MAQUILLAXE E LIMPEZA FACIAL”.
2. Tícket de caixa 105742 de 30/12/2010 emitido por MERCADONA. con NIF A46103834 por un importe de 63,58 euros relativa a “PRODUTOS ALIMENTARIOS, XAMÓN, QUEIXO, SALCHICHÓN”.
3. Tícket de caixa 10000033 de 04/01/2010 emitido por LESTEGÁS MOREDA SL. con NIF B27237882 por un importe de 91,05 euros relativo a “PANOS E CALCETÍNS”.
4. Tícket de caixa 12-11 003 de 04/01/2010 emitido por SOLUA. con NIF 53516027H por un importe de 240,00 euros relativo a “20 PANOS”.
5. Factura 68/2010 de data 30/12/2010 emitida por MARÍA SANTE DELANTERO. con NIF 37.719.246M por un importe de 100,00 euros relativa a “BOLSAS DE GOLOSINAS”.
6. Factura 53 de 28/12/2010 emitida por ARTRELUGO 2006 SL. con CIF B27346386 por un importe de 4.720,00 euros relativa a “ACTUACIÓN ORQUESTRA ABANICO SALA BAHÍA 31/12/2010”.
7. Factura 1000001 de 05/01/2011 emitida por MANUEL SÁNCHEZ GÓMEZ. con CIF 33861942P por un importe de 708,00 euros relativa a “ALUGUER SEIS CABALOS CABALGATA DE REIS”.
8. Factura sen número de 05/01/2011 emitido por BAZAR CHINO WEI BIN YE. con NIF X4001881L por un importe de 21,30 euros relativo a “PRODUTOS DE MAQUILLAXE”.
9. Factura A1731 de 30/12/2010 emitido por HIJAS DE CELSO VÁZQUEZ SL. con NIF B27178763 por un importe de 38,00 euros relativo a “BESTBUY DVDZ8”.
10. Factura 22, de data 16/12/2010 emitida por M<sup>a</sup> ANTONIA SÁNCHEZ mARTÍNEZ, con CIF 71863199K por un importe de 22,50 euros relativa a “5 CAIXAS LUCES DE NADAL”.
11. Factura sen número emitida por PESCADOS PERONA BURCIA SL, onde non consta o correspondente CIF, por un importe de 26,00 euros de data 21/12/2010 relativa a “PERRUCA REI E PERRUCA BRANCA”.
12. Factura sen número e sen data emitido por BAZAR CHINO WEI BIN YE. con NIF X4001881L por un importe de 42,00 euros relativo a “LUCES DE NADAL”.
13. Factura 14874 de 16/12/2010 emitida por HIPER EURO FOZ. con NIF X2745202Z por un importe de 62,70 euros relativo a “ARTIGOS DE ELECTRICIDADE E ARTIGOS DE NADAL”
14. Facturas 1995 e 1994 de 20/12/2010 e 17/12/2010 emitidas por BELIAN NORTE SL. con CIF B27246347 por un importe de 16,00 euros relativas a “BLISTER PILAS E PILAS BOTÓN”,
15. Facturas 1068, 1066, 1067, 1088 e 1089, emitidas por CAFETERIA DANDY SL, con CIF B27202290 por un importe total de 1.502,20 euros relativas a ACTUACIÓN PANXOLIÑAS, GRUPOS FOLCLÓRICOS NADAL, CORAIS NADAL, CABALGATA REIS, GRUPOS TEATRO ACTUACIÓN REIS, segundo texto manuscrito asinado polo Alcalde da Corporación.
16. Consta tamén como documentación xustificativa un escrito do Alcalde da Corporación de data 31/12/2010 onde sinala que entregou ao Director da Escola de Música un “donativo” por importe



## CONCELLO DE FOZ (LUGO)

Avd. Álvaro Cunqueiro, 24 27780 Foz (Lugo)

Tlf: 982.14 00 27 Fax: 982.14 16 00

de 200,00 euros para repartir entre os integrantes da Escola de Música que tocaron polas datas durante o Nadal.

17. Consta tamén como documentación xustificativa un escrito do Alcalde da Corporación de data 03/01/2011 onde sinala que entregou aos taquilleiros do baile celebrado na Sala Bahía 120,00 euros polas súas funcións.
18. Factura 1 de 06/01/2011 emitida por ELOY VÁZQUEZ VÁZQUEZ. con NIF 34884662X por un importe de 650,00 euros relativo a "ACTUACIÓN DO GRUPO FENIX NA SALA BAHÍA EN FOZ O DÍA 06/01/2011".
19. Factura 00002219 de 27/12/2010 emitida por MIRANDA DELICATESSEN SL. con CIF B27378850 por un importe de 412,13 euros relativo a "LOTE NAVIDEÑO CONCELLO DE FOZ".

**SEGUNDO.** – Dar por cumprida a obriga marcada para os perceptores destas ordes de pagamento de xustificar a aplicación das cantidades percibidas no prazo máximo de tres meses dende a percepción dos correspondentes fondos, posto que o resto non empregado foi reintegrado na Tesourería municipal.

**TERCEIRO.-** Notifíquese a Intervención e a Tesourería.

### 5.-APROBACIÓN FACTURAS CORRESPONDENTES A GASTOS DE MÁIS DE 6.000 EUROS.-

Pola Presidencia dáse conta das facturas correspondentes a gastos de máis de 6.000 euros que obran no expediente.

A Xunta de Goberno Local, por delegación da Alcaldía en Resolución dictada con data 18 de xuño de 2007, en base á habilitación legal contida no artigo 21.3 da Lei Reguladora das bases do Réxime Local, por unanimidade, A C O R D A:

Aprobar as seguintes facturas que se relacionan:

**Código Relación: 1**    **Descrición: FACTURAS A APROBAR EN XGL DE 31/01/2011**

Reg	Fec. Reg.	Nº Factura	Fec. Fac.	Dni/Cif	Razón Social	Área	Importe	I.V.A	Dctos.	VB	
3	03/01/2011	10/1/00193	31/12/2010	B27333160	SERVICIOS SOCIAIS SAN ROQUE, S.L.		2 17.735,05		0,00	0,00	
<b>Concepto:</b> SERVICIOS SOCIAIS SAN ROQUE, DECEMBRO 2010. SERVIZ O AXUDA NO FOGAR. DEPENDENTES VALORADOS							<b>Operación:</b> ADO	<b>Imp. Líquido:</b> 17.735,05			
<b>Domiciliación bancaria:</b> BANCO POPULAR ESPAÑOL 0075 8926 20 0600210211											
<b>Partidas Presupuetarias</b>											
			233	22722	CONTRATO XESTIÓN DO SERVIZO DE AXUDA NO FOGAR				17.735,05		
45	21/01/2011	2010/4123	31/12/2010	A15379803	SOGAMA,S.A.		1 17.093,68		0,00	0,00	
<b>Concepto:</b> SOGAMA, DICIEMBRE 2010. TRATAMENTO DE 307,27 TM. D E RESIDUOS SOLICOS URBANS NA MINIPLANTA DE BARREIR							<b>Operación:</b> ADO	<b>Imp. Líquido:</b> 17.093,68			
<b>Domiciliación bancaria:</b> CAIXA GALICIA 2091 0388 96 3040000495											
<b>Partidas Presupuetarias</b>											
			162	22712	DEPOISITO BASURA EN				17.093,		



# CONCELLO DE FOZ (LUGO)

Avd. Álvaro Cunqueiro, 24 27780 Foz (Lugo)

Tlf: 982.14 00 27 Fax: 982.14 16 00

					PLANTA TRATAMIENTO SOGAMA				68
8 2	25/01/20 11	185	31/12/20 10	A781397 55	GESTION Y TECNICAS DEL AGUA - GESTAGUA	1 6	34.071, 65	0,00	0,00
<b>Concepto:</b> GESTAGUA, DICIEMBRE 2010. PRESTACION SERVICIO DE D EPURACION					<b>Operaci ón :</b> ADO	<b>Imp. Líquido:</b> 34.071,65			
<b>Domiciliación bancaria :</b> BANESTO 0030 1542 51 0000558271									
<b>Partidas Presupuetarias</b>									
		161	22718	XESTION DO SERVICIO DEPURACION AUGAS. GESTAGUA				34.071, 65	
9 0	31/01/20 11	C/1/11	28/01/20 11	B272485 25	OBRAS CIVIS DA MARIÑA, S.L.	1 5	16.761, 88	0,00	0,00
<b>Concepto:</b> OBRAS CIVÍS DA MARIÑA, ASFALTADOS SANTA CILLA, CAS A DO CURA AS BOUROAS, BOUROA A FONTE DE NEIXOS, BO					<b>Operaci ón :</b> ADO	<b>Imp. Líquido:</b> 16.761,88			
<b>Domiciliación bancaria :</b> CAIXANOVA 2080 0179 27 0040006978									
<b>Partidas Presupuetarias</b>									
		155	210	INFRAESTRUCTURAS Y BIENES NATURALES				16.761, 88	
9 1	31/01/20 11	C/3/11	28/01/20 11	B272485 25	OBRAS CIVIS DA MARIÑA, S.L.	1 5	13.821, 33	0,00	0,00
<b>Concepto:</b> OBRAS CIVÍS DA MARIÑA, CAMIÑO PARALELO A FEVE/ P.K . 119,70-119,40) EN NOIS					<b>Operaci ón :</b> ADO	<b>Imp. Líquido:</b> 13.821,33			
<b>Domiciliación bancaria :</b> CAIXANOVA 2080 0179 27 0040006978									
<b>Partidas Presupuetarias</b>									
		155	210	INFRAESTRUCTURAS Y BIENES NATURALES				13.821, 33	
9 2	31/01/20 11	C/2/11	28/01/20 11	B272485 25	OBRAS CIVIS DA MARIÑA, S.L.	1 5	6.177,9 4	0,00	0,00
<b>Concepto:</b> OBRAS CIVIS DA MARIÑA, PISTA ALTO CABANAS (NOIS)					<b>Operaci ón :</b> ADO	<b>Imp. Líquido:</b> 6.177,94			
<b>Domiciliación bancaria :</b> CAIXANOVA 2080 0179 27 0040006978									
<b>Partidas Presupuetarias</b>									
		155	210	INFRAESTRUCTURAS Y BIENES NATURALES				6.177,9 4	
<b>Total Relación...</b>	<b>Imp. Presupuesto:</b>		<b>I.V.A:</b>		<b>Dctos:</b>	<b>Imp. Líquido:</b>			
	105.661,53		0,00		0,00	105.661,53			



## CONCELLO DE FOZ (LUGO)

Avd. Álvaro Cunqueiro, 24 27780 Foz (Lugo)

Tlf: 982.14 00 27 Fax: 982.14 16 00

E non sendo máis os asuntos a tratar, levántase a sesión cando son as 20 horas e 20 minutos do día 31 de xaneiro de 2011, do que como secretaria dou fe e certifico.-

Vº Bº.-O Alcalde.-Asdo. José María García Rivera.

